

NORMAS DE PRÉSTAMO DO SERVIZO DE BIBLIOTECA DA UDC (2019/2022)

Aprobadas en Xunta Técnica o 16/06/2022 e pendentes de aprobación pola Comisión de Biblioteca Universitaria da UDC

1 Finalidade

O servizo de préstamo da Biblioteca da Universidade da Coruña ten por finalidade optimizar o uso das coleccións bibliográficas da UDC, con independencia da súa localización, permitindo que as persoas usuarias da biblioteca poidan ter os documentos, durante un tempo limitado. As normas que rexen este servizo farán compatible a consulta destes materiais coa súa conservación.

2 Persoas usuarias do servizo de préstamo

- 2.1 Todos os membros da comunidade universitaria da UDC: as persoas que estuden en ciclos formativos oficiais e propios da UDC, o persoal docente e investigador (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS).
- 2.2 Os antigos membros da comunidade universitaria da UDC, ou persoas que pertencen a entidades coas que existan convenios ou acordos para a utilización do servizo de préstamo.
- 2.3 Persoas alleas á comunidade universitaria autorizadas pola Biblioteca Universitaria.

3 Documentos obxecto do servizo de préstamo

- 3.1 Todos os materiais bibliográficos da UDC son susceptibles de ser prestados, pero algúns materiais poderán ser excluídos do préstamo ou ser sometidos a un réxime de préstamo restrinxido. As exclusións ou restricións poderán obedecer a razóns de utilización, antigüidade, rareza ou preservación.
- 3.2 De forma xeral, quedarán excluídos do préstamo, aínda que se poderán consultar na biblioteca en que estean depositados
 - a) Revistas e outras publicacións periódicas.
 - b) Documentos antigos, raros e preciosos.
 - c) Documentos modernos xa esgotados e dificilmente substituíbles.
 - d) Teses e outros traballos académicos non publicados.

Algúns destes documentos son susceptibles de préstamo intercentros, pero só se poderán consultar en sala.

- 3.3 En función das características da colección e das necesidades de cada biblioteca poderán quedar excluídos de préstamo ou ser obxecto de préstamo especial:
 - a) Obras de referencia: enciclopedias, dicionarios, bibliografías etc.
 - b) Os documentos moi utilizados
 - c) Os documentos audiovisuais, gráficos e cartográficos
 - d) Outros documentos segundo o criterio da comisión da biblioteca do centro.

- 3.4 Os fondos adquiridos con cargo aos proxectos de investigación ou con cargo aos recursos externos á Universidade, contratos de investigación etc. serán depositados na biblioteca para o seu control e proceso e serviránse en réxime preferente de préstamo ao director/a do devandito proxecto ata a súa finalización.

4. Formalización e condicións do préstamo

- 4.1 O préstamo formalizarase mediante a presentación da tarxeta de identificación universitaria ou dun documento oficial que identifique á persoa usuaria.
- 4.2 As condicións do servizo de préstamo dependen do grupo ao que pertenza a persoa que solicite o préstamo e do tipo de documento (véxase o Anexo I. Condicións do préstamo).
- 4.3 As persoas usuarias poderán renovar os documentos que teñan en préstamo, así como facer reservas, en calquera biblioteca ou por calquera medio que se habilite para esta finalidade.
- 4.4 Para que calquera persoa usuaria poda acceder aos fondos de todas as bibliotecas da UDC, sen necesidade de desprazarse do seu centro, existe o préstamo intercentros.

5. Incumprimento das normas de préstamo

- 5.1 As persoas usuarias teñen a obriga de devolver os documentos en préstamo dentro da data límite. Do mesmo xeito, se un documento está prestado por curso académico, existe a obriga de devolvelo cando o solicite outro/a usuario/a.
- 5.2 No caso de incumprimento do punto 5.1, a biblioteca reclamará a devolución dos documentos. En ningún caso se prestarán documentos ás persoas usuarias que teñan préstamos vencidos ou reclamados.
- 5.3 O atraso na devolución dos documentos en préstamo será motivo de sanción que suporá a exclusión temporal da persoa usuaria do servizo de préstamo.
- 5.4 En caso de perda ou deterioración a persoa usuaria deberá restituír a obra prestada por outro exemplar da mesma edición. Se a obra está esgotada terá que adquirir e entregar outra de características similares proposta pola biblioteca. Mentres non se restituía a obra, o usuario quedará excluído do servizo de préstamo.
- 5.5 Co fin de asegurar a devolución ou reposición dos fondos bibliográficos pertencentes ao patrimonio da UDC, a secretaría de cada centro poderalle pedir á Biblioteca un informe sobre a situación do préstamo cando o alumnado solicite a expedición do título oficial. No caso de ter préstamos pendentes de devolución, a Administración do centro poderá requirir a súa regularización.

Igualmente, cando conclúa a relación laboral coa UDC dalgún membro do profesorado (PDI) ou do persoal de administración e servizos (PAS), o Servizo de Persoal poderalle solicitar á Biblioteca información sobre a súa situación de préstamo, co obxecto de reclamar os documentos pendentes de devolución.

6. Modificación das normas de préstamo

As modificacións das normas de préstamo serán aprobadas pola Comisión da Biblioteca Universitaria.

As condicións de préstamo, establecidas no “*Anexo I. Condicións do préstamo*” poderán ser revisadas e modificadas polo Servizo da Biblioteca Universitaria.

7. Garantía

O uso do servizo implica a aceptación das normas que o regulan.

A comisión de biblioteca dos centros garantirá o cumprimento desta normativa e amparará e resolverá calquera reclamación efectuada polas persoas usuarias ao respecto.

Estas normas de préstamo do servizo de biblioteca da UDC foron aprobadas pola comisión da Biblioteca Universitaria do de 2022.